boletín do BNG do Porriño

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO O PORRIÑO

Nº 5
mar. 2018

O Porriño, vítima dos recortes e da privatización sanitaria do PP

A Xunta desoe as demandas de máis medios e persoal para o centro de saúde

O Porriño é unha das poucas vilas galegas que medra en poboación (un 3,5% segundo o INE). Pola contra, o goberno da Xunta condena o Porriño a padecer uns servizos sanitarios que non cobren as mínimas necesidades.

O centro de saúde do Porriño conta cun cadro de persoal insuficiente para atender case vinte mil tarxetas sanitarias (19.614, segundo SERGAS). Delas, preto de tres mil (2.943) corresponden a menores de 14 anos, atendidos en pediatría. Precisamente este servizo é o peor dotado. Só hai tres pediatras –os tres na quenda de mañá e unha delas compartida cos centros de saúde de Mos e Salceda. A isto hai que sumarlle que deben cubrir tamén as urxencias que xurdan. Na quenda de tarde non hai ningún pediatra, nin tampouco ningún específico para o servizo de urxencias.

A demanda de máis persoal sanitario, especialmente de pediatras, ten sido obxecto de concentracións, manifestacións e actos públicos que o BNG apoiou e nas que tamén participou, do mesmo xeito que nas multitudinarias manifestacións celebradas en Compostela e Vigo en prol da sanidade pública galega.

Feixoo rexeita a emenda do BNG para ampliar e mellorar o PAC

Nos últimos 4 anos o BNG presentou emendas aos orzamentos da Xunta nas que solicitaba a inclusión dunha partida específica para o tro de saúde do Porriño, co obxecto de ampliar o edificio e dotalo de máis persoal e servizos. Malia a nosa insistencia, a resposta do PP de Feixoo foi sempre negativa. No 2009 o goberno do BNG aprobou a cesión dos terreos para a ampliación do PAC. Dende entón nada se fixo, o que demostra o escaso interese do PP por atender as necesidades sanitarias da veciñanza.

Mentres o goberno da Xunta nega máis dotacións sanitarias, persoal e medios, é a iniciativa privada a que medra. Diversos centros médicos privados abriron nos últimos anos, ofertando servizos que debían estar cubertos pola sanidade pública. Esta é a estratexia real do Partido Popular.

boletín do BNG do Porriño

As achegas do BNG permiten que os novos orzamentos do Porriño melloren en investimentos e protección social

Mantense o emprego público e créase unha empresa pública de servizos

O Concello do Porriño terá os primeiros orzamentos dende hai seis anos. Ata agora estiveron vixentes os aprobados en 2012 polo PP. Dende a súa chegada ao goberno, PSOE e UDDL servíronse deses orzamentos e non foron quen de presentar unha proposta. Por fin este ano si a fixeron e iniciaron negociacións coa oposición. O BNG presentou 16 emendas ao documento inicial, procurando sempre mellorar as contas públicas e os servizos á cidadanía.

Aínda que mellorables, estes orzamentos recollen as principais demandas do noso grupo. Por iso optamos pola abstención, porque aínda que non aprobamos a acción política deste goberno, chea de grandes eivas na súa xestión, si recoñecemos a necesidade duns novos orzamentos que contribúan a satisfacer as demandas da cidadanía.

Coas nosas achegas, haberá máis diñeiro para axudar as familias en situación de pobreza. Tamén máis emprego público para servizos como a recollida do lixo ou a limpeza viaria. Porase en marcha a creación dunha Empresa Pública de Servizos que asuma a xestión do lixo, da limpeza e da piscina municipal, o que implica a xestión directa dos servizos e o aforro de diñeiro para as arcas públicas. Propoñemos tamén a venda de solo industrial municipal, que o goberno mantén sen explotar, como vía de ingresos. Esas achegas permitirán desenvolver un plan de investimentos de máis de 2 millóns de euros (ver cadro) que fomentará a creación de emprego.

Compromisos de investimento

Construción da rotonda entre as rúas Domingo Bueno e Manuel Rodríguez	60.000€
Ampliación do paseo do Louro	100.000€
Melloras na rede de saneamento no Casal (Mosende), Chenlo, Cans, Corzón-Lameira (Pontellas), Atios, Vitureira e Eidos (Budiño)	650.000€
Melloras no pavillón de deportes do colexio do Covelo (Atios)	75.000€
Mellora do pavimento en Pontellas (Cavadiña, Louriña e Centeáns) e Budiño (Finca da Lomba)	160.000€
Ampliación das áreas de xogo en Cans e no torreiro da Guía (Atios)	90.000€
Creación dunha canceira municipal	75.000 €
Segunda fase de humanización da Rúa Manuel Rodríguez (barrio de San Bieito)	220.000€
Enlace viario entre Domingo Bueno e Torneiros	100.000€
Eliminación da liña de alta tensión (Torneiros)	350.000€
IMPORTE TOTAL	1.880.000€

Propoñemos un plan de investimentos e obras de máis de 2 millóns de euros

A petición do BNG, o goberno adquire tamén o compromiso de impulsar a execución, con cargo á incorporación de remanente da liquidación do 2017, os seguintes proxectos:

- Compra do baixo do edificio do antigo cine Roxi para as dependencias de Servizos Sociais.

- Execución da rede de abastecemento domiciliario de auga potable aos barrios de Contrasto e Pereira (Torneiros), afectados polo lindano. Unha partida dotada con 150.000 euros.

A comisión de seguimento creada a iniciativa do BNG é a mellor ferramenta para loitar contra o lindano

O BNG esixe da Xunta e do Concello maior coordinación e información

O pasado mes de novembro creouse a Comisión de seguimento do lindano, unha iniciativa presentada polo portavoz do BNG, Pedro Pereira, e apoiada pola unanimidade do pleno do Porriño. Entendemos que é unha ferramenta útil e axeitada para realizar de forma coordinada todas as accións necesarias para minimizar o impacto do vertido. Pero lamentamos que dende entón só se reunira en dúas ocasións. Na última non foi convocada a veciñanza, o que consideramos un erro por parte do goberno.

Co achado recente de restos deste material tóxico nos barrios do Contrasto e Pereira en Torneiros, a preocupación volveuse instalar entre a veciñanza. Atopáronse restos de lindano próximos a mananciais, o que obrigou a pechar o subministro de auga para consumo. O BNG solicitou inmediatamente a creación da comisión de seguimento no Concello, na que está presente a veciñanza, ademais dos grupos políticos e expertos da Xunta. Na súa primeira convocatoria xa reclamamos unha maior coordinación e un estudio en profundidade de todas aquelas zonas nas que poida haber depósitos desta substancia, para esixir da Xunta, que é quen ten as competencias, un plan global de descontaminación.

No Parlamento galego, o BNG foi o promotor dunha iniciativa, secundada polo resto de grupos, a través da cal se insta á Xunta de Galicia a identificar, avaliar e eliminar a presenza de lindano no Porriño, accións que están levando a cabo na actualidade, polo menos no que respecta á recollida de mostras. Aínda así, o BNG reclama da Consellería máis coordinación e unha maior atención cara á saúde das persoas. É preciso realizar máis analíticas para podermos saber con maior precisión o impacto do vertido.

A creación da Plataforma Antilindano, que o BNG apoia dende o seu inicio, serve para manter activo o interese polo problema e a procura de solucións. Unha delas vén da man do BNG, xa que foi aceptada unha das emendas aos orzamentos que propón unha partida de 150.000 euros para dotar de auga potable aos barrios afectados, xa que non estaba recollida na proposta do goberno.

O BNG forza a Xunta a analizar os vertidos e descontaminar as zonas afectadas

A finais dos 90, sendo alcalde Xosé M. Barros, levouse a cabo, tras a denuncia da veciñanza e a persistencia do BNG, o selado dunha porción de terreos en Torneiros onde se atoparan grandes cantidades de lindano. Esta medida parcial non puxo fin ao problema. Debemos seguir traballando, na procura dunha solución definitiva.

Bloque Nacionalista Galego
R/ Ramón González nº14 - Local A
O Porriño
http://oporrinho.bng.gal/
oporrinho@bng.gal

Este 8 de marzo NÓS PARAMOS!

É hora de denunciar con contundencia a situación de desigualdade que vivimos as mulleres galegas

As galegas sufrimos unha grave fenda salarial. Non queremos un país no que as asalariadas cobren menos e no que o 35% dos contratos a mulleres duren menos dunha semana. O deterioro dos servizos públicos contribúe a que sexamos as mulleres as que compensemos os recortes co noso lombo. Ata 22.500 galegas afirman traballar a tempo parcial para asumir coidados familiares, fronte a 1.100 homes.

Desde o BNG reivindicamos unha Lei galega pola igualdade salarial e unha Valedora para a defensa ante situacións de discriminación laboral por razón de sexo.

Estamos fartas de que a loita contra a violencia machista en tódalas súas formas non sexa unha prioridade na axenda do goberno. É hora de tomar medidas e acabar coa violencia machista.

Temos motivos abondo para estar fartas! Por iso, é preciso que todas nos sumemos á folga laboral, de consumo e de coidados deste 8 de marzo.

As traballadoras e traballadores de Maderas Iglesias non se renden

O BNG continuará apoiando a loita das traballadoras e traballadores por conservar os seus empregos

O Bloque Nacionalista Galego ten presentado diversas iniciativas, tanto no Parlamento galego como a nivel local, co fin de buscar unha solución ao futuro dunha empresa que foi líder no sector da transformación da madeira e que na actualidade conta unicamente –a pesar de ser unha empresa viable e con negocio– con 250 postos de traballo, na súa maioría feminino, que corren o risco de desaparecer. Levaban sete anos soportando EREs e coas súas prestacións por desemprego practicamente esgotadas. Agora, levan meses reclamando o seu dereito a conservar os seus postos de traballo.

O pasado mes de outubro aprobouse, á instancias do BNG, unha proposición instando ao goberno galego a realizar as accións necesarias para garantir a continuidade da empresa, manter o emprego e velar polos seus dereitos laborais. Dende entón, a Xunta non fixo nada e o deputado nacionalista, Luís Bará, reclamou unha vez máis o pasado 21 de febreiro que se tomen as medidas oportunas para atopar unha solución ao conflito, que debe pasar por buscar un novo inversor, pararlle os pés ao empresario e garantir os postos de traballo.

Ata que isto se logre, seguiremos presentando iniciativas, a nivel local e nacional, reclamando unha solución para a situación de inseguridade na que actualmente viven estas 250 persoas.

Temos nova sede local

O pasado 5 de febreiro o BNG do Porriño inaugurou o seu novo local, nun acto aberto á veciñanza e colectivos locais no que tamén estivo presente o deputado Luís Bará. O BNG pretende servir de canle á hora de tratar todos aqueles temas que preocupan á veciñanza do Concello e esta nova sede local quere ser un espazo aberto a todos aqueles veciños e veciñas que teñan a ben compartir as súas preocupacións, iniciativas ou calquera cuestión que afecte a vida diaria no Porriño. Por iso, mantemos abertas as portas da nosa nova sede, situada na rúa Ramón González nº14 – Local A.